

## Non se fala

**Autora: María Jesús Candau Chacón**

Teño moitas ganas de ser maior.

Os maiores sempre poden facer todo o que queren; os nenos, en cambio, moitas veces facemos pecados, porque non nos deixan, e entón somos desobedientes, o temos que dicir mentiras. Os maiores non fan pecados, porque non teñen que obedecer a ninguén, nin teñen necesidade de dicir mentiras, porque ninguén os castiga. Tampouco teñen que roubar para comprar doces e cousas, porque sempre teñen diñeiro; así que ser bo cando es maior non ten mérito ningún.

Amais, ós maiores déixanos falar. A min moitas veces dinme que non fale, que estea calada. Ás veces déixanme, pero moitas penso que me deixaran e non, non se pode.

Hai veces que xa sei que non se pode falar:

- no colexio
- na mesa, coa boca chea
- cando estás na cama e é hora de durmir
- cando estás na cama, no verán, e hai que facer sesta, aínda que non sexa hora de durmir
- cando falan os maiores
- cando hai visitas
- na igrexa

No colexio pódese falar só no recreo; na clase, algunhas veces, cando a Madre Ruiz che pregunta; se non, non. Na igrexa, tamén algunhas veces; agora estannos a nos aprender as cousas que temos que dicir o día da Primeira Comunión, unhas cousas como as do colexio, que non se entenden, como *renuncio para siempre a Satanás, a sus pompas y a sus obras*. Satanás é o demo. As pompas de xabón son moi bonitas, pero as de Satanás non son as mesmas, díxome a miña nai (pero ela tampouco sabe como son). Á Madre Ruiz non se lle pode preguntar, porque é unha falta de respecto.

Na igrexa pódese falar nada máis na Primeira Comunión, porque é o día máis feliz da nosa vida; despois xa non se pode. E é como no colexio, que cando se fala hai que facelo en español.

Nisto da Primeira Comunión, e do Neno Xesús, e todo iso, hai moitas cousas que non se entenden, pero non se poden preguntar porque son herexías, que quere dicir que son un pecado, e vas ó inferno. Por exemplo, en Nadal dixeron que nacera o Neno Xesús, pero eu lembrome que o ano pasado tamén nacera, e entón ¿é que hai moitos Nenos Xesús? Pero iso non se pode dicir, e cando a Madre Ruiz pregunta *¿lo habéis entendido?* hai que dicir sempre *sí, Madre*.

Algunhas veces, ás persoas maiores tampouco as deixan falar. Á miña avoa, ás veces miña nai dille que cale porque hai roupa tendida. Ou sexa, que tampouco se pode falar

- cando hai roupa tendida.

Iso entendereino cando sexa maior.

Miña avoa é a nai da miña nai, chámase Elvira, e non vive con nós, vive noutra cidade. Vennos ver no Nadal. Ó meu avó non o coñecín, porque morreu hai moitos anos, cando eu aínda non nacera. Un día pregunteille á miña avoa se o avó morreu porque tiña unha enfermidade, e dixo que non, que non foi iso; pero a mamá anoxouse moitísimo, e mandouna calar porque había roupa tendida. E despois tiveron que irme á cama, aínda que era moi cedo, e despois eles estiveron a discutir; así que non sei de que morreu o avó. Quizais é que tivo un accidente co coche; o pai dunha nena da miña clase morreu dun accidente de coche.

Tamén teño outra avoa, que é a nai do meu pai; chámase Doña María. Está sempre sentada nunha cadeira de brazos, na súa casa. Cando imos vela cos meus pais, teño que darlle un bico, e despois hai que estarse quieta sentada na cadeira. E non se pode falar. Así que, tamén,

- na casa da avoa Doña María

Coa avoa Elvira non hai que estarse quieta na cadeira. Faime moitas apertas, e moitos bicos, e gústalle saír, e arranxarse. Non vai vestida de negro, coma tódalas avoas; leva vestidos de cores, e cando anda fai *tin-tin* coas pulseiras. A xente di que é moi *es-tra-fa-la-ria*, pero é porque teñen envexa, porque é moito máis guapa que todas. Tamén fai outras cousas que non fan as avoas. Por exemplo, vai de viaxe coas súas amigas. É tan rara porque o seu pai era estranxeiro, así que ela tamén é un pouquiño estranxeira, por iso fai cousas que non fan as avoas normais; pero eu prefiroa moito máis a ela que non ás avoas normais, e moitísimo máis cá avoa Doña María.

Si que fai cousas raras, ás veces. Por exemplo, coa televisión. O papá comprou unha televisión, que no barrio non hai ninguén máis que teña, e veñen moitas persoas vela. A televisión gústalle a toda a xente, saen as artistas e é precioso todo, aínda que sexa o señor que di se choverá ou non, que é como unha maxia. Mais a ela, ás veces non lle gusta; por exemplo, outro día saía El Caudillo, e ela levantouse e apagou a televisión. E a mamá volveu acendela, e avoa estaba moi anoxada, e dicíalle *é que xa te esqueziches do que pasou co teu pai*, e a mamá *pecha a boca e que queres a nosa ruína e estou farta de dicirche que de iso non se fala*, e veña a discutir. E a avoa pechou a porta dun golpe e foise para a cama, e nós estivemos a ver El Caudillo, e todos estivemos calados.

Así que resulta que ás persoas maiores algunhas veces tampouco as deixan, e teñen que estar caladas, coma os nenos. E tamén, que na lista de non falar hai que poñer:

- cando fala El Caudillo
- e mais
- do que pasou co avó.

*En lembranza da miña avoa Elvira*